

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2019

TERESA LÓPEZ

*Arredor de Rosalía:
notas sobre as escritoras nas orixes
do Rexurdimento*

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº4 · 2019

ARTIGO

*Arredor de Rosalía:
notas sobre as escritoras nas
orixes do Rexurdimento*

Teresa López

Universidade da Coruña. Grupo de investigación ILLA

t.lopez@udc.gal

PALABRAS CHAVE

*Literatura
galega, escritoras,
Rexurdimento,
poesía,
dedicatorias.*

RESUMO

Conforme avance o século XIX as mulleres van desempeñar un papel cada vez máis importante como lectoras e escritoras. Obras senlleiras da renacente literatura galega inclúen colaboracións de autoras en número relevante, apelos directos ao labor das mulleres no espallamento da produción literaria e mencións destacadas do contributo das escritoras, mostras todas da vontade de sumalas ao proxecto rexurdimentista. As redes de relacións entre autoras e autores van facerse visíbeis a través das dedicatorias cruzadas de poemas que achegan unha nova perspectiva sobre os roles adxudicados ou asumidos polas escritoras nos albores do Rexurdimento.

KEYWORDS

*Galician Literature,
Women writers,
Rexurdimento,
Poetry, Dedications.*

ABSTRACT

As the nineteenth century progresses, women will play an increasingly important role as readers and writers. Singular works of the reborn Galician literature include collaborations of women authors in relevant number, direct appeals to the main work of women in the dissemination of literary production and outstanding mentions of the contributions of women writers. All these are elements that indicate a willingness to add women to the *Rexurdimento* project. The networks of relations between women authors and authors are going to be visible through the cross dedications of poems that provide a new perspective on the different roles adjudicated or assumed by woman writers at the dawn of the *Rexurdimento*.

Introdución

O desenvolvemento da sociedade burguesa no século XIX trouxo consigo mudanzas moi importantes no campo literario que afectaron o oficio de escribir, os medios de difusión da produción literaria, o público lector etc. A posibilidade de profesionalización da escrita e a aparición do concepto de propiedade intelectual, a censura como condicionamento do traballo creador, o surximento de novas formas e espazos de sociabilidade literaria, o desenvolvemento da prensa e a creación de empresas editoriais que progresivamente se especializan e exploran novos mercados, a diferenciación da función de editores, impresores e libeiros conforme transcorre o século, a expansión do xornalismo e a crecente importancia da prensa como soporte da publicación literaria, o surximento e a segmentación de novos públicos lectores, a (relativa) democratización da lectura e a aparición da literatura de consumo e de masas e a función da literatura como elemento de cohesión nacional son algúns dos trazos xerais que marcan o campo literario nesta centuria (Alonso 2010).

As primeiras décadas do século supoñen a incorporación da muller burguesa ao consumo literario, consolidando un público lector feminino seguidor de novelas, e en seguida destinatario de produtos específicos, en forma de coleccións literarias e de publicacións periódicas, que irán acrecentándose de forma notoria conforme avanza o século. Esta incorporación ten lugar no marco dos debates sobre a posibilidade e os límites da educación da muller, que opoñían aqueles que consideraban a muller allea por natureza a calquera función intelectual –e que a confinaban nunha identidade de xénero sentimental– e os que defendían as súas capacidades e o acceso á educación e á instrución, a miúdo de forma limitada e condicionada pola finalidade de poder exercer de forma máis completa e acaída no ámbito doméstico os labores da maternidade e do matrimonio: servir de compañeira ao home, educar as fillas e proporcionar os primeiros rudimentos da instrución aos fillos (Armas 2002). Claramente este debate forma parte doutro máis amplo sobre a incidencia que o acceso á instrución podía ter sobre os límites da identidade de xénero feminina (determinada polo sentimento e as emocións), sobre o rol social da muller (alén da proxección dos roles domésticos de esposa e nai) e a súa presenza no espazo público a través do exercicio profesional cualificado.

Os avances no acceso á educación das mulleres van traer consigo un incremento das mulleres que escriben, e publican, particularmente a partir da década de 40. As escritoras con frecuencia van especializarse en producir para un público feminino, e ás veces poderán profesionalizarse na escrita, case sempre a custa de asumir os límites impostos ao seu labor creador e de aceptar a norma doméstica que as confinaba a tratar os asuntos considerados admisíbeis para unha escritora nos xéneros literarios que mellor se prestaban á suposta sensibilidade feminina: a poesía sentimental e as colaboracións xornalísticas destinadas a perpetuar o estereotipo do *anxo do fogar*. As poetisas escriben unha poesía froito do instinto natural e identificada cos valores presuntamente femininos, trasmisora

da dozura, o pudor e a modestia (Rabaté 2006), non da reflexión. Estes valores son os que resalta Fernán Caballero na carta que dirixe a Rosalía agradecendo a dedicatoria de *Cantares gallegos*: o “dulce rruiseñor de Galicia” escribe unhas poesías que “no están inspiradas ciertamente por la cabeza pero brotadas del corazón y de un corazón selecto”, circunstancia que aproveita para abenzoar “las plumas femeninas, que en nuestro país son las puras vestales que se consagran á conservar los sagrados fuegos de la Religión, patriotismo, poesía, amor de familia y todo lo bueno” (en Angueira 2013), uns valores que non respondían en absoluto ao proxecto intelectual e literario rosaliano, mais que marcaban o modelo máis conservador de escritora na época isabelina.

Fronte ao estereotipo positivo da *poetisa*, o da *literata* estará connotado negativamente pola súa vinculación cun exercicio reflexivo da creación literaria apoiada no traballo intelectual: será execrada por non respectar o vínculo da muller coa literatura sentimental, como ben sinalou Rosalía en “Las literatas. Carta a Eduarda” (1865), e como testemuñan múltiples textos, tal a utilización de George Sand como exemplo dos extravíos da muller *filósofa*, fronte ao modelo de hada *cristiana* encarnado en Narcisa Pérez Reoyo (Jove 1877).

Diferentes modelos de escritora que se van pór de manifesto nas autoras que publican na Galiza das décadas de 40, 50 e 60, o período tratado neste traballo.

Escritoras na Galiza do século XIX

En liñas xerais, o galeguismo decimonónico, dada a súa base maioritariamente liberal e progresista, foi esencialmente favorábel á educación das mulleres e favoreceu a súa participación na actividade literaria. Xosé Ramón Barreiro (1981: 330) lembra como entre os asuntos debatidos na Academia Literaria na década de 40 estaba a defensa da emancipación da muller, e nas décadas seguintes temos variados testemuños da favorábel posición dos galeguistas no debate sobre a educación e a instrución das mulleres. A viveza da discusión é moi intensa nos anos finais da década de 50, con posicións públicas maioritariamente contrarias (Armas 2002: 215; 217); porén, Luís Rodríguez Seoane é “defensor da emancipación feminina desde a súa primeira xuventude” (Rodríguez e García Negro 1996: 361) e os irmáns de la Iglesia serán valedores das vantaxes da educación das mulleres pois “sostenían un feminismo de raíz fourierista, aunque sin visos políticos, con formas de emancipación que traslucen el ideal de Montesino” (Saurín 2003: 88)^[1].

Pola súa parte, Manuel Murguía virá resaltando desde 1858 –cando publica o artigo “Poesía gallega contemporánea” en *El Museo Universal*– o papel principal da muller na creación literaria, unha idea que reitera no volume primeiro da *Historia de Galicia* e que pode ser resumida en que “en Galicia, son las mujeres las que inventan la música y la letra de sus cantares. Tal vez a esto se deba el sentimiento esencialmente femenino que en

[1] Antonio, director da Escola Normal da Coruña desde 1844, expuso a súa visión no artigo “La universidad de las mujeres” (*Galicia. Revista Universal de este Reino*, 1.10.1865).

ellos domina” (1865: 252), unha constatación que xustificaría a promoción dun modelo de poesía galega baseado no elemento popular e na condición sentimental.

Por suposto, as autoras teñen os seus propios puntos de vista sobre a educación que reciben, a percepción social do seu labor como escritoras, os estereotipos que lles eran aplicados etc. e explicáranos por extenso, ás veces con boas doses de ironía, principalmente en colaboracións xornalísticas. É o caso de Joaquina Ruiz de Mendoza, Virginia Felicia Auber Noya, Emilia Calé, Clara Corral ou a propia Rosalía, que deixarán patente a súa discordancia cos modelos de educación e de instrución para as mulleres e que manifestarán ideas propias –e diversas entre si– sobre as características, as funcións e os límites da súa propia creación literaria, un aspecto en que non nos imos deter nesta ocasión, e que foi en parte analizado por Marco (1993), Rodríguez e García Negro (1996) e Armas (2002).

A importante nómina de escritoras na Galiza do século XIX, a pesar do limitado mercado editorial e publicístico galego na altura –documentada en relevantes traballos de Aurora Marco (1993), Kathleen March (1994), Pilar García Negro e Francisco Rodríguez (1996), Celia Armas (2002) e Carlos A. González Paz (2014)–, convida a interpretar este dato como mostra da vontade dos promotores das cabeceiras –moitos deles vinculados ao incipiente galeguismo– de aproveitar a súa incorporación como produtoras literarias e como lectoras para integralas no seu proxecto literario e cultural (López Otero 2007). O repaso dalgunhas das publicacións máis senlleiras promovidas polo entorno galeguista realizado por Armas (2002: 187-205) é boa mostra desta afirmación, como o son as diversas formas de recoñecemento institucional que a achega das escritoras ao Rexurdimento literario van acadar desde moi cedo.

Un primeiro elemento para valorar estes procesos de institucionalización témolo nas obras que están a construír o discurso historiográfico sobre a literatura galega. O inacabado *Diccionario de escritores gallegos* (1862) –cesado na voz Freire Castrillón– de Manuel Murguía xa recolle catro autoras decimonónicas: Virginia Felicia Auber, Concepción Arenal, Manuela Cambroner e Rosalía de Castro.

Mesmo obras practicamente ignoradas na tradición historiográfica galega, como o artigo “Poetas gallegos” de Benigno T. Martínez^[2] –incluído no seu libro *Un naufragio. Relato histórico del acontecido a la Guadalupe 4ª en las islas de Cabo Verde con un apéndice sobre poetas gallegos* (1876), editado en Uruguai–, reservan un espazo relevante para as escritoras: nun texto de pouco máis de vinte páxinas, que comeza con referencias á Idade Media, case un terzo da súa extensión está dedicado ás poetas galegas, dato de por si elocuente sobre a importancia que o autor quería dar ao seu contributo ao renacemento literario galego.

A pesar de certos erros, este traballo resulta particularmente interesante por incluír xuízos críticos expresos sobre a obra dalgunhas escritoras. Rosalía é ponderada como poeta mais tamén como novelista: *El Caballero de las Botas Azules* faina acreedora ao

[2] Benigno Teijeiro Martínez (Santa Marta de Ortigueira, 1846 – Paraná, 1925). Historiador, pedagogo, xornalista e escritor, autor dunha extensa obra principalmente ensaística.

apelativo de “el George Sand galaico” (Martínez 1876: VII). A seguir son citadas “otras poetisas notables” como “la Señorita de Flamante [sic], Ramona Garcia Suarez, Pilar O’Felan, Sta de Valladares, Manuela Vaz, Emilia Calè; Manuela Cabronera [sic], J. Lopez de la Vega, Ramona Siman, Ramona Bouzas y Emilia Pardo Bazan^[3]” (Martínez 1876: VIII). O autor detense naquelas autoras “de las que por fortuna posèemos algunas composiciones”, reproducindo versos de Clara Corral –“á quien hemos conocido en la flor de la edad” (Martínez 1876: VIII)– e ponderándoos en extremo; de Elvira Luna –“en esta poetisa hallamos mas arte que inspiración” (Martínez 1876: IX)–; Emilia Calé –en quen destaca a vea mística–; Elisa Lestache –“mas jovial y atractiva, mas popular y romántica” (Martínez 1876: XI)–, de quen confesa “hemos visto el Album de esta inolvidable amiga” e, moi brevemente, cita Amadora Tapia, Concepción Arenal e Ramona Simán, polas composicións “A una noche oscura”, “El proyectista” y “A Jehova”, recollidas todas no *Álbum de la Caridad*. No seu ánimo de proporcionar datos recentes sobre a achega das escritoras ao cultivo da literatura galega, Martínez reproduce a relación de obras premiadas no certame que en Ourense celebrara o segundo centenario do Padre Feijoo, e os tres premios adxudicados a Emilia Pardo Bazán, a Valentín Lamas Carvajal e a Arminda Flora Serrano (pseudónimo de Lamas, circunstancia ignorada polo autor). A sección conclúe coa reprodución dunha cita de Murguía que resalta as capacidades intelectuais das mulleres galegas como un trazo identitario:

La muger gallega está dotada de una viveza y energía superior á la del hombre de este país, –aunque en aquella natural relacion de uno á otro sexo– y se la vè llevar su varonil aliento á los trabajos intelectuales, que tienen por cierto un carácter que los separa hondamente de los de los hombres de su raza. Maria Pita es para nosotros mas que una gloria, el tipo de nuestra muger, que en Mari-Hernandez, la Gallega, ha dibujado el poeta, con harto seguros rasgos (Martínez 1876: XII-XIII)

Novas referencias ás escritoras figuran no *Resume de Historia de Galicia* (1899) de Florencio Vaamonde. No libro terceiro, que se ocupa do período posterior ao reinado dos Reis Católicos, inclúe a mención de “os nomes dos esclarecidos varós que en letras, artes e ciencias, deron gloria ao país en que foron nados” (Vaamonde 1899: 50). Para alén de varóns, son citadas tamén “a beatísima Etheria, ilustre viageira e escritora” (Vaamonde 1899: 50), “a célebre poetisa doña Rosalía Castro; a escritora doña Concepción Arenal; a poetisa doña Narcisa Péres Reoyo” e “as eisimias escritoras doña Emilia Pardo Bazán

[3] A maioría son autoras que comezan a destacar nesa altura (caso de Pardo Bazán), outras, ou ben figuraban no *Álbum de la Caridad* con algún poema (Calé, Cambronero, López de la Vega Simán) ou ben entre as autoras das que non puideran recollese composicións no volume (Flamant, García Suárez, O’Felan, Valladares, Vaz). De Ramona Bouzas descoñecemos calquera outra información.

e doña Sofía Casanova” (Vaamonde 1899: 53)^[4], activas estas últimas cando se publica a obra. No libro cuarto, o autor emprende un “Resume da historia da literatura gallega” determinado polo criterio lingüístico. Rosalía é colocada no cume dos logros (“val ela sola por toda unha literatura”, Vaamonde 1899: 65) e logo só é citada de “Doña Filomena Dato, a bella produción *Follatos*” (Vaamonde 1899: 66-7). No anuncio do inédito *Diccionario de autores gallegos* do mesmo autor –que “sairá pronto á luz contendo curiosos datos biográficos e bibliográficos de todol-os escritores que escribiron en gallego”–, esta magra nómina é levemente acrecentada, ao incluír ademais destas dúas autoras, “Corral, Doña Clara”, “Muiño de Landrove, Doña Hipólita” e “Valladares Núñez, Doña Avelina”^[5].

Finalmente, cando en 1906 se constituía a Academia Gallega non haberá entre os seus cuarenta membros numerarios ningunha muller (só Emilia Pardo Bazán figurará como Presidenta honoraria), mais si quince membros correspondentes: “D^a Beceiro, Carmen; Calé de Torres Quintero, Emilia; Casanova de Lutowski, Sofía, Cracovia; Corral, Clara; Corral, Rita; Dato Muruais, Filomena; Garrido de Rodríguez Mourelo, Fanny; Lestache, Elisa; Lorenzana, Sarah E.; Marquesa de Ayerbe (Excma. Sra.); Michaelis de Vasconcellos, Carolina, Porto; Muiño de Landrove, Hipólita; Peña de Castro López, Ramona, Buenos Aires; Tella, Mercedes; Vieito Bouza, Mercedes, Habana” (Anónimo 1906: 26-27)^[6]. Tres son autoras activas no tempo de Rosalía, e coincidiran con ela en varias publicacións: Emilia Calé, Clara Corral e Elisa Lestache.

Sirvan estes exemplos para mostrar a decidida intención dos galeguistas de resaltar o papel das escritoras no seu programa literario, a pesar de que no período rexionalista o predominio do criterio filolóxico vaia facendo desaparecer os nomes dalgunhas autoras por non teren usado a lingua gallega na súa produción.

[4] O número de autoras mencionadas é relevante se temos en conta que como poetas son citados unicamente Pastor Díaz, Aurelio Aguirre, Puente Brañas, D. Joan Bautista Alonso, D. Bieito Vicetto –entre os mortos– e Pondal, Curros, Emilio F. Vaamonde, Lamas, García Ferreiro –entre os vivos–, para alén de Murguía como historiador ou de la Iglesia como arqueólogo, entre outros estudiosos.

[5] Euxenio Carré en *La literatura gallega en el siglo XIX* (1903) realiza unha listaxe de persoas que escribiran en galego en que figuran, alén das cinco autoras anteriores, Avelina Lago Valladares, Ramona Peña y Salvador de Castro López, Esperanza Roca e Arminda Flora Serrano. As dúas últimas son, en realidade, sinaturas utilizadas, respectivamente, por Amador Montenegro Saavedra e Valentín Lamas Carvajal.

[6] Entre os correspondentes incluídos na mesma información figuran doce homes, todos personalidades estranxeiras, algúns relevantes filólogos e investigadores universitarios (Teophilo Braga, José Leite de Vasconcellos, Hugo H. Rennert, E. Contamine de Latour) (Anónimo 1906: 27). A relación de correspondentes completárase en números posteriores, usando un criterio de distribución xeográfica e sen incluír ningunha outra muller.

Autoras na prensa dos albores do Rexurdimento: máis que poemas

O espazo preferente de publicación para as escritoras galegas foi a prensa periódica, en maior medida do que aconteceu para os escritores. As súas achegas en cabeceiras de información xeral e en revistas culturais está ben documentada, principalmente a eclosión da década de 60 (Armas 2002: 187- 205). Porén, para alén de facer inventario das colaboracións publicadas, parécenos relevante prestar atención aos outros espazos que ocuparon na prensa: como obxecto de noticias varias, por seren destinatarias de dedicatorias e, en menor medida, polos comentarios que recibiron as súas obras.

Que as publicacións vinculadas co nacente galeguismo dan espazo desde o inicio ás sinaturas de escritoras é unha evidencia. Se nos remontamos á década de 40, unha cabeceira emblemática do provincialismo como *El Recreo Compostelano* (1842-1843), dirixida por Antonio Neira de Mosquera, publica dúas colaboracións en prosa da galega Manuela Cambroner^[7], asinadas en Valladolid: “Remitido. Meditación” (*El Recreo Compostelano* 26.7.1842) e “A mi amiga” (*El Recreo Compostelano* 11.9.1842). Como fai constar o seu título, o primeiro dos textos non foi solicitado, mais enviado pola autora, circunstancia que revela unha autonomía de actuación infrecuente na altura. Unha nota a rodapé sen asinar infórmanos da posición editorial da revista:

Nosotros no podemos espresar el contento con que insertamos esta pequena composición que revela por sí sola el sentimiento i melancolía que distingue al genio hoy día. Además es composición de una joven, i de una joven ya conocida en la república literaria por su drama SAFIRA, i por lo mismo debemos ser consiguientes con las covicciones [sic] que tenemos sobre la mujer

Como vemos, a redacción destaca o valor literario da peza (inundada de pesimismo romántico) e como representa as tendencias de actualidade, a condición de muller moza da autora e os seus antecedentes literarios, e explica a publicación polo compromiso progresista da cabeceira en relación co papel da muller na sociedade contemporánea. Con todo, non debe pasar desapercibida a necesidade de acompañar o texto dunha nota de xustificación e apoio que, en certa forma, desempeña a mesma función que os prólogos de autoría masculina que adoito introducían as obras das escritoras novas.

A boa acollida dada á colaboración de Cambroner^[8] debeu de favorecer que para o número seguinte, o 15, fose enviado un poema dunha nova autora, “Remitidos. La inspiración” de Camila Sancho^[8] (*El Recreo Compostelano* 11.8.1842). Novamente unha nota

[7] “Cambroner^[8] (Doña Manuela). Natural de la Coruña, en cuya ciudad murió hacia los años de 1854. Publicó: 1º Días de convalecencia. Colección de poesías y novelas originales de... Coruña impr. de D. Domingo Puga, 1852. 4º. Trae el retrato de la autora” (Murguía 1862).

[8] Non coñecemos outras obras nin temos noticias biográficas desta autora. A única pista sobre a súa traxectoria está na nota que acompaña o poema, que a vincula a “el pueblo de los Nodales”, isto é, Pontevedra, o lugar de nacemento dos irmáns Bartolomé e Gonzalo García de Nodal.

explicativa fai constar a procedencia do orixinal, neste caso pola mediación dun autor que probabelmente tiña previsto apadriñar a poeta coas súas palabras, seguindo o costume xa aludido na presentación pública das escritoras:

Esta composición nos la remitió el Sr. Posada^[9], nuestro amigo i corresponsal en Vigo, i sentimos en extremo no poder insertar el juicio que hace de *este tesoro escondido* –como dice él– en *el pueblo de los Nodales*, juicio que nosotros prohijamos con gusto porque somos entusiastas del jenio i del talento.

Este xenio e talento da autora exprésase nun poema de exaltación amorosa. As colaboracións de escritoras en *El Recreo* complétanse con “El dia final” (26.1.1843) e “Canción. Imitación de Víctor Hugo” (11.2.1843) de Gertrudis Gómez de Avellaneda, precedida a primeira dunha nota anónima en que a redacción se congratula do envío das colaboracións para o xornal^[10].

Na década seguinte, unha publicación emblemática do progresismo e do galeguismo, a viguesa *La Oliva* (1856-57) –dirixida por Eduardo Chao e José Ramón Fernández, coa participación de Juan Compañel como editor-impresor, logo director, e mais Manuel Murguía como director literario (Martínez González 2016: 56)– vai estar aberta tamén ás colaboracións das escritoras. Por unha carta a Manuel Murguía de Nicolás, seu irmán, sabemos da posibilidade de que, de non ter sido suspendida por orde gubernativa, Rosalía colaborase na publicación:

La joven D^a Rosalía de Castro, hija de Villagarcía, publicó este mes un folletito de 43 págs. de poesías titulado *La flor*. ¿Por qué no haces que mande algo a la *Oliva*? A mí no me chocan mucho, tiene algunas cosas buenas pero tiene otras bien malas. Como con ellas se debió ganar bastante bien, piensa, según dice a un sujeto que le buscó suscripciones en esta, publicar más (Carballo Calero 1979: 58)

“A mi querida Águeda en sus días” de Dionisia Salomón (*La Oliva* 21.3.1857) será o único poema de autoría feminina que vexa a luz nas páxinas do xornal vigués^[11]. A colaboración da autora novel irá precedida dunha nota introdutoria de Ricardo Puente y Brañas que anuncia ser a súa primeira publicación, nos informa da súa condición

[9] José M^a Posada Pereira, fundador de *La Aurora de Galicia* e do *Faro de Vigo*. En *Poesías selectas* (1888), publicado na Biblioteca Gallega, está compilada parte da súa obra poética. Posada foi admirador de Rosalía, de quen recensionou os *Cantares Gallegos* no *Faro de Vigo* e a quen dedicou en época temperá un poema.

[10] A Avellaneda vivira na Coruña entre 1836 e 1838, un feito que talvez favorecese a súa relación coa intelectualidade galega.

[11] Si habrá outras sinaturas femininas na *Oliva*. Por exemplo, na mesma páxina que o poema de Salomón publícase “Una víctima. A D. Aurelio Aguirre” asinado por Carmen, talvez un pseudónimo que encubre unha autoría masculina.

de filla de Remigio Salomón, xuíz de primeira instancia na Coruña, e emite un xuízo crítico do poema en que, para louvala, resalta o seu desvío a respecto dos estereotipos femininos:

La fluidez de su versificación, y la valentía de su formas, nada dejan que desear al crítico mas exigente: pero el principal merito de esta poesía está en la profundidad de sus pensamientos. No campean en ella, ni la ligera dición, ni los superficiales conceptos tan comunes en la imaginación de la mujer. La gravedad de su language y la filosofía de sus ideas recomiendan esta composición muy eficazmente

A autora dará a coñecer novas pezas poéticas en publicacións vinculadas ao progresismo: no mesmo ano 1857 na coruñesa *El Iris de Galicia* (Armas 2002: 187-189), “Acuérdate de mi” (7.6.1857) e “A mi querida amiga E. C. de P.” (5.7.1857). O primeiro poema está introducido, de novo, por unha presentación, que alude á autoría de “una señorita” e ao feito de ter xa publicado poemas; no segundo sinálase non ser un nome descoñecido para os lectores. No ano seguinte, no tamén coruñés *El Fomento de Galicia. Periódico destinado principalmente al desarrollo de los intereses materiales del país*, dirixido por Manuel Bada, publica o poema elexíaco “A la memoria del poeta Don José Puente y Brañas” (20.4.1858), irmán de quen fora o seu introdutor no mundo da letra impresa. O poema vai precedido dunha nota de Antonio de San Martín, figura destacada do provincialismo coruñés –como o propio autor lembrado– (Beramendi 2007: 142-143), que louva a peza e explica tamén que Dionisia Salomón é filla do xuíz de primeira instancia na cidade. Aínda no número seguinte (22.4.1858), un artigo de M.[anuel] Bada, o director do xornal, volve sobre a colaboración da autora, para louvar as súas virtudes literarias e, de paso, reflexionar sobre a condición da poesía e o modelo de educación para as mulleres. O xénero poético é presentado como a linguaxe de Deus, dos anxos e dos ceos, comunicado só a algúns privilexiados seres, de forma que a poetisa estaría a actuar como mediadora coa divindade. Bada defende o cultivo da intelixencia por parte da muller, para poder desempeñar mellor a función de esposa e para evitar a dedicación á murmuración ou á preocupación por modas fúteis nos momentos de ocio. O modelo de educación feminina que propón comprende poesía, música, pintura, algunhas nocións de política, historia e xeografía, e outros coñecementos semellantes; aínda que o fulcral debe ser “el conocimiento de las labores de su sexo y del manejo de la casa, de la economía doméstica”. Para concluír, o director dá os parabéns a autora, e a seu pai:

Reciban, pues, la señorita de Salomon y su distinguido padre, no menos apreciable por las prendas de su corazon que por las dotes de su inteligencia, nuestro sincero parabien, no solo por las preciosas cualidades intelectuales de esta señorita, sino por el cultivo de las mismas; y tengan al propio tiempo la seguridad de que EL FOMENTO DE GALICIA se honrará siempre con insertar en sus columnas los tiernos y elevados pensamientos de tan apreciable y simpática poetisa

O discurso de Bada afástase notabelmente do eloxio poético levado a cabo por Puente y Brañas ou San Martín para adquirir un ton case admonitorio; e mostra como o recoñecemento de (certas) capacidades intelectuais á muller non implicaba a ruptura do molde dunha identidade de xénero condicionada e limitada polo espazo doméstico e pola subordinación ao home (esposo ou pai), e como o cultivo intelectual está situado xerarquicamente por debaixo dos labores domésticos e considerado en función da súa utilidade para un mellor desempeño deses labores.

Dionisia Salomón é, xunto con Rosalía de Castro, unha das dúas autoras que asinan colaboracións no *Álbum de El Miño* (1858)^[12], a antoloxía miscelánea vinculada ao xornal vigués que viñera a continuar *La Oliva*, e obra na que se dan cita os nomes maiores do movemento literario e intelectual galego. Aínda que no breve prólogo de Juan Compañel non se menciona explicitamente a achega das escritoras, as páxinas do *Álbum* inclúen un poema, asinado por César Jeobel, “A una consuscritora al *Miño*”, que constitúe unha incitación ao canto das poetas:

Renuncio a ser poeta...
no sé cantar...
perdona, amiga mia,
sé solo amar.

Si eres cantora
eleva tu en Galicia
tu voz sonora.

Si un tiempo ¡ay! tenebroso
el sexo bello
gemia sus dolores
en el silencio

La luz ya brilla,
que hoy lleve al firmamento
queja sentida.

Tú, MIÑO, de Galicia
cuadro no oscuro,
diles hoy á las gallegas
con noble orgullo:

Cantad hermosas...
mostrad de gloria al mundo
vuestras coronas.

No *Álbum de El Miño* Rosalía dá a coñecer o manifesto feminista “Lieders” e o poema “Dos palomas”; de Dionisia Salomón reproducíranse dous poemas, “A la memoria del poeta D. Jose Puente y Brañas” –xa publicado en *El Fomento de Galicia*– e “A la prima-

[12] Facemos esta afirmación baseándonos no tomo primeiro, que foi o que tivemos ocasión de consultar na biblioteca da RAG.

vera”, en que desenvolve o tópic dunha subxectividade lírica desventurada en contraste co esplendor da natureza. González Paz (2014: 181) recolle informacións de prensa de setembro que destacan un poema da autora entre os dedicados á raíña Isabel II con motivo da súa visita á Coruña.

Pouco tempo despois, Dionisia debeu de abandonar Galiza, pois no ano 1859 figura o seu nome encabezando, xunto co do pai, a lista de suscritores en Santander da *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval del Ferrol* de José Montero y Aróstegui, editada en Madrid pola Imprenta de Beltrán y Viñas. De facto, non sabemos de publicacións súas posteriores a 1858; por isto, non parece aventurado establecer a relación entre a súa dedicación literaria pública e a súa estada na Coruña^[13]. Na cidade herculina de finais da década de 50, a autora debeu de encontrar o ambiente propicio para o cultivo da poesía e incentivos e medios para a publicación dos seus poemas, nunha sociedade ilustrada e liberal, en que foi particularmente ben acollida polo grupo provincialista coruñés, como testemuñan os textos de Antonio San Martín e de Ricardo Puente y Brañas, unha cidade na que existían agrupacións en que as mulleres da burguesía podían desenvolver unha actividade pública a través da Asociación de Beneficencia, fundada e patrocinada por Juana de Vega.

Sirva esta autora semidescoñecida na actualidade como exemplo das traxectorias efémeras dalgunhas escritoras que foron favorecidas polo impulso dado polos promotores do movemento intelectual galego, como gustaban de chamalo eles propios.

Precisamente a propósito da acollida dada ás escritoras noutra publicación, *Galicia. Revista Universal de este Reino*, Saurín (2003: 90) menciona como precedente único *El Porvenir Hispano-Lusitano* (1858), “que presumía de haber dado a conocer a las poetisas Elvira [sic] Lestache, ‘la señorita C. L.’ y Joaquina López de la Vega” (Saurín 2003: 90)^[14]. A cabeceira, dirixida por Francisco Tenreiro e Montenegro co auxilio como secretario de José López de la Vega, de vida breve e discontinua, editara quince números en cinco meses de 1858 (Pereira 1992: 205). Entre os seus colaboradores figuraban Manuel Bada, Antonio San Martín, José Varela de Montes, Ramón Otero e Antonia Díaz^[15].

Co inicio dunha nova década comeza a publicarse *Galicia. Revista Universal de este Reino* (1860-1865) impulsada e dirixida polos irmáns Antonio e Francisco M^a de la Igle-

[13] A única noticia posterior que encontrei sobre a autora é unha nota no número 103 da *Gaceta de Madrid* (12.4.1884), que recolle o recoñecemento dunha pensión vitalicia: “Doña Dionisia Salomón Sanmartín, de estado viuda, huérfana de D. Remigio, Magistrado que fué de la Audiencia de Barcelona. Se le declara con derecho á la pensión vitalicia del Tesoro de 1.875 pesetas anuales”.

[14] Saurín remite para os números 7 (10-6-1858) e 14 (20-8-1858). Non tivemos ocasión de consultar esta publicación.

[15] Debe de ser a escritora andaluza Antonia Díaz Fernández (1827-1892) que, tras o seu casamento con José Lamarque de Novoa, asinaba como Antonia Díaz de Lamarque. Como Antonia Díaz Fernández figura entre os colaboradores da compostelá *La Joven Galicia* (1860).

sia, dous nomes fundamentais no Rexurdimento. A revista, unha das máis destacadas do século XIX (Saurín 2000), anuncia como colaboradoras a Elvira Luna e Elisa Lestache, aínda que esta non chegase a publicar ningún texto. As páxinas de *Galicia* van acoller traballos de Concepción Arenal, Virginia Auber Noya, Emilia Calé, Manuela Cambroner, Rosalía de Castro, Elvira Luna, Francisca Torres e Juana de Vega (Saurín 2003: 225; Pérez Lucas 2009). Se o saldo de colaboradoras pode semellar reducido, non o é o número de colaboracións: unicamente Felicia (Virginia Felicia Auber Noya) asinará setenta e tres, unha cifra elevada, mesmo tendo en conta a relativamente prolongada vida da revista e o nome de Emilia Calé rubricará unha dúcia de colaboracións poéticas. Manuela Cambroner, Elvira Luna e Francisca Torres son autoras dunha única composición poética^[16]; Concepción Arenal escribe unha colaboración en prosa e Juana de Vega asina dúas traducións ao español^[17]. De Rosalía son reproducidos “Adiós qu’eu voume” (*Galicia. Revista Universal de este Reino*, 15.5.1861), poema que logo formará parte de *Cantares Gallegos* e, xa en agosto de 1863, co poemario na rúa, “A gaita gallega. Resposta a D. Ventura Ruiz Aguilera” (*Galicia. Revista Universal de este Reino*, 1.8.1863) precedida do poema do autoespañol.

No conxunto das colaboracións das escritoras na cabeceira coruñesa ponse de relevo a singularidade da achega rosaliana: pola escolla lingüística e polo repertorio cultivado, que se afasta do canto patriótico en chave local (Calé, Cambroner, Luna), da poesía relixiosa (Calé) e sentimental (Calé, Torres). As achegas de Felicia abranxen un amplo abano de temas –os valores morais, o papel das escritoras, temas relixiosos, a instrución das mulleres etc. (González Paz 2014: 50)– e as de Arenal e Vega oscilan entre o social e o moral, cunha atención principal ao exercicio da caridade como mecanismo de auxilio social.

Porén, a relevancia das escritoras en *Galicia. Revista Universal de este Reino* márcase tamén a través doutras estratexias editoriais: Felicia e Juana de Vega son obxecto da dedicatoria de poemas e os *Cantares Gallegos* son recensionados na revista. Son dous os poemas dedicados a Virginia Auber Noya: un asinado conxuntamente por Francisco de La Iglesia e José López de la Vega –que será reproducido no Álbum de la Caridad^[18]–

[16] “A la Coruña” (*Galicia. Revista Universal de este Reino* 1.4.1861), “En la playa de Villagarcía” (*Galicia. Revista Universal de este Reino* 15.2.61) e “A mi sobrina, la señorita Doña Emilia Calé y Torres, por la sentida poesía que dedica a la memoria de su madre” (*Galicia. Revista Universal de este Reino* 15.3.1861), respectivamente.

[17] “Exequias de la Sra. Vizcondesa de Jorbalán hechas en la Coruña” (*Galicia. Revista Universal de este Reino* 15.10.1865) e “El olvido de las injurias”, tradución do inglés (*Galicia. Revista Universal de este Reino* 15.11.1862) e “La caridad privada” (*Galicia. Revista Universal de este Reino* 1.11.1862), artigo de economía política cristiá do Vizconde Albande [sic] Villeneuve Bargemonte respectivamente.

[18] Nesta reprodución o poema vai acompañado dunha longa nota a rodapé que dá conta da variedade da obra da autora (novelas, comedias, colaboracións xornalísticas) e menciona a súa colaboración no xornal *Álbum de lo bueno y lo bello* fundado “por la poetisa señora Avellaneda”.

outro da autoría de Domingo Díaz de Robles, quen fora director de *El idólatra de Galicia* (1841- 1842)^[19], publicación senlleira do provincialismo, e membro destacado da Academia Literaria.

O primeiro, o soneto “Un saludo. Á nuestra ilustre paisana y hermana en el periodismo la célebre Virginia Felicia Auber” (*Galicia. Revista Universal de este Reino* 1.2.1862), coloca a relación amical e de fraternidade como marco do texto, proporciona datos biográficos da autora (a súa orixe galega, a súa vida en Cuba) e pon en valor a súa obra e as súas colaboracións na revista, destacando a súa relación coa moral e coa procura do saber. O segundo, “Á Felicia” (*Galicia. Revista Universal de este Reino* 1.3.1865), vai precedido por unha citación da propia Felicia sobre a poesía como expresión do sentimento, alude á orixe coruñesa da autora (“perla del Orzán”) e constitúe unha declaración de rendida admiración “con el amor de hermano en Bellas Letras”, que resalta o “mérito de autora” e a súa “sapiencia”, mais que tamén acode a tópicos sobre as escritoras, como a función consoladora da súa obra e a súa condición de “ángel-muger”. En ambos poemas a exaltación das cualidades intelectuais da escritora é combinada co destaque daquelas características habitualmente resaltadas nos escritos das mulleres, singularmente os valores morais.

A recensión de *Cantares Gallegos* é realizada en termos moi eloxiosos por José López de la Vega no número de 15.8.1863, o seguinte ao da publicación d’“A gaita gallega”. O traballo, que forma parte dos estudos sobre a poesía galega e portuguesa do autor, non aforra palabras ponderativas para o poemario rosaliano, que vai ser comparado favorablemente con Barrantes, Trueba, Ruiz de Aguilera, Heine, Víctor Hugo e Moore. Entre os trazos que de la Vega resaltarán na poesía de Rosalía, están ser un prodixio de sensibilidade e trasladar na súa obra unha doutrina de fraternidade e amor.

Juana de Vega é destinataria de dous poemas de Francisco de la Iglesia, “O horfño da arquíña. Cantar de Ama de Cría dedicado á Escelestísima Señá [sic] Condesa d’Espoz e Mina é mais Duquesa da Caridade no nome dos horfos da Arquíña da Cruña” –datado como “Recordo do ano novo de 1858” e publicado no mesmo número que a tradución de “La caridad privada” (*Galicia. Revista Universal de este Reino* 1.11.1862)– e “Segunda cantarela de Nadal. A escelestísima señora Condesa de Espoz e Mina, duquesa da Caridade no nome dos probes da zuidá [sic] coruñesa” (*Galicia. Revista Universal de este Reino* 15.1.1864), en que son exaltadas a caridade como virtude cristiá e Juana de Vega como socorro dos pobres^[20]. Ambos poemas deben ser lidos no contexto da relación que os irmáns de la Iglesia, sobre todo Francisco, gardaban con ela (Saurín 2003: 45-46) e, principalmente, no do relevante lugar que a Condesa de Espoz e Mina ocupaba na vida social, política e

[19] No número 2 desta publicación Díaz de Robles dedicara un artigo á escritora Amalia Fenollosa.

[20] Un terceiro texto, tamén da autoría de Francisco, “Precioso recuerdo de SS. MM. en 1862 a la Exma. Condesa de Espoz y Mina”, describe o regalo dun medallón de ouro cincelado cos retratos da familia real (*Galicia. Revista Universal de este Reino* 1.2.1862).

cultural da Coruña onde mantiña unha tertulia “refugio de progresistas” (Saurín 2003: 67) á que acudían numerosas personalidades, entre elas Concepción Arenal. Juana de Vega recibira por parte do incipiente galeguismo outros recoñecementos, como a dedicatoria de *Rogin Rojal ó el paje de los caballeros de oro. Historia caballeresca del siglo XI* (1857) de Benito Vicetto. Entre as moitas razóns que xustifican a dedicatoria –a súa filantropía, a súa actuación ante as fames de 1853 e o andazo de cólera de 1854–, Vicetto inclúe “Vuestro espíritu de provincialismo, nunca desmentido” e “Vuestro afecto á cuanto tienda á ilustrar y á ennoblecer vuestra querida provincia.” Consoante co ideario e coa actuación pública de Juana de Vega, o autor indica que o produto da obra se destinará á Beneficencia.

Á mesma finalidade irán destinadas as vendas do *Álbum de la Caridad* (1862) derivado dos Xogos Florais do ano anterior, costeados ambos por José Pascual López Cortón. Este dedica o volume á presidenta e ás señoras da Asociación de Beneficencia coruñesa, isto é, a Juana de Vega e ás mulleres que compuñan a citada sociedade. O *Álbum* integra un *Mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*, organizado polo que fora secretario do consistorio do certame, Antonio de la Iglesia. Se entre os premios concedidos non houbo ningún para unha escritora, o *Mosaico* inclúe unha nómina de poetas xa coñecidas polas súas colaboracións previas en publicacións periódicas: Concepción Arenal, Emilia Calé, Manuela Cambronero, Rosalía de Castro, Elisa Lestache, Joaquina López de la Vega, Elvira Luna, Ramona Simán e Amadora Tapia. A estes nomes unírase o de Narcisca Pérez Reoyo, filla de Narciso Pérez Reoyo, un dos mantedores no consistorio dos Xogos, cuxo primeiro poemario, *Cantos de la infancia* (1865) será prologado por Murguía (López 2015). Felicia non colabora no *Álbum* mais estará presente no poema que lle dedicaran López de la Vega e Francisco de la Iglesia.

Os poemas das escritoras incluídos no *Mosaico* compendian o repertorio da poesía escrita por mulleres: a exaltación paisaxística de Galiza a través dos seus lugares (“En la playa de Villagarcía” de Elvira Luna, a propia Rosalía), o amor (“Amor” de Ramona Simán), a amizade (“La flor de la amistad. En el álbum de una de mis queridas amigas” de Elisa Lestache), a relixión (“Las siete palabras” de Emilia Calé, “A Jehova” de Ramona Simán), o exotismo e os tópicos románticos (“Rojana y el ruiseñor” de Manuela Cambronero, “La tempestad” de Elvira Luna, “Una noche oscura” de Amadora Tapia), a subxectividade romántica feminina (Joaquina López de la Vega) etc. No conxunto resultan singulares algunhas achegas: a poesía satírico-moral “El proyectista” de Concepción Arenal e, sobre todo, os catro poemas rosalianos que logo farán parte *Cantares*, pola escolla lingüística e pola utilización dun repertorio patriótico e social transmitido por unha pluralidade de suxeitos líricos.

Probabelmente a atención prestada ás escritoras no *Mosaico* non obedeceu unicamente ás convicións feministas *avant la lettre* do seu organizador, tamén ao feito de estar dirixido o volume á Condesa de Espoz y Mina e a todas as mulleres que con ela constituían a Asociación de Beneficencia. Dar relevancia ás escritoras –algunhas, até onde sabemos, autoras dunha obra moi reducida– era unha forma máis de resaltar o papel no espazo público das mulleres, función na que Juana de Vega era un referente.

A maior parte das poetas do *Mosaico* foron xa mencionadas nas páxinas previas. De Amadora Tapia só coñecemos o poema aí publicado, “Una noche oscura”, e ignoramos case todo da súa identidade^[21]. Si sabemos que foi destinataria dun poema de Aurelio Aguirre, datado na Coruña en 1857^[22], “A la poetisa coruñesa Amadora Tapia”, reproducido no nº 6 da *Revista Galaica* (30.7.1874) dirixida por Benito Vicetto –agora compilado en Aguirre (2013). O poema utiliza o pardal como trasunto do suxeito poético e sérvese do tópico da insuficiencia autoral propia para louvar a poesía de Tapia con cualificativos asociados á condición feminina (a *dozura* fronte á *rudeza* dos propios versos) e á súa función eminentemente consoladora:

Suspiro porque encuentro en tus cantares...
 esa dulzura que adormece el alma...
 que absorbe el pensamiento en grata calma
 que brinda al corazón a descansar

Esta dedicatoria coloca a autora no entorno do provincialismo e no mesmo círculo coruñés co que se pode relacionar, por exemplo, a Dionisia Salomón. Con prudencia, atrevémonos a lanzar a hipótese de que Amadora puidese ter algún vínculo familiar (talvez fose a súa irmá) con Federico Tapia y Segade (A Coruña, 1826-1891), alcalde da cidade herculina en 1872 e 1873, e destacado librepensador e militante republicano. Non esquezamos que Aguirre se movía en círculos políticos progresistas, frecuentaba a cidade da Coruña –onde morrerá afogado nas augas de Santo Amaro– e foi amigo de Ramón Pérez Costales, nome relevante do republicanismo coruñés, aínda que descrido das capacidades da muller para a ciencia (Barreiro 1986: 367; Armas 2002: 199-201).

De Ramona Simán, Celia Armas (2002: 191-192) sinala que publicou no xornal pontevedrés *La Perseverancia* tres poemas a finais da década de 50^[23], ademais de ser criadora de “charadas” e suscritora que resolve outras. Este *Periódico de Galicia, literario, científico, comercial, agrícola, industrial y de intereses materiales*, editábase baixo a responsabilidade de Heliodoro Cid y Rozo, Vicente del Villar y José Vilas. Entre os seus colaboradores figuran Pondal, Camino, Vicetto ou Pintos. En conxunto, a súa poesía entra no repertorio habitual das poetas galegas da década de 50: poesía relixiosa, amorosa e/ou sentimental, ás veces ligada á exaltación emotiva de lugares da xeografía galega vinculados á súa traxectoria vital.

[21]González Paz (2014: 196) faise eco da información de M^a del Carmen Simón Palmer (1991) que a cita como Amadora Tapia y Segade e menciona a publicación de “A la noche” no xornal coruñés *El liceo*, poema que González Paz identifica con “Una noche oscura”.

[22] De 1857 é tamén “Improvisación. A la poetisa Doña Rosalía Castro” –compilado en Alonso (1985: 25)–, o poema con que Aguirre convida a autora a guiar os seus pasos ao “templo del saber” e a seguir “del arte la lumbre” para deixar unha pegada duradoira.

[23] “A Pontevedra”, “A Dios” e “Improvisación á la luna”, remitidos desde A Estrada. González Antón acrecenta a información de que nunha velada teatral celebrada nesa mesma localidade no ano 1877 foron lidos poemas da autora (2014:190).

Esta autora tamén foi obxecto de dedicatorias poéticas. Un recorte de prensa do fondo de la Iglesia custodiado na Real Academia Galega garda o poema “Amor y desencanto. A la Sta. D. Ramona Simán” de José López de la Vega, que foi publicado na sección de ‘Variedades’ dun xornal probablemente vigués nunha data que ignoramos^[24]. O poema expresa unha poética do desengano e constrúese arredor das aspiracións do eu poético de achar o amor como equivalente da felicidade, difíceis de lograr nun mundo presidido pola vaidade e a traizón. Aínda que os versos prescinden de calquera marca relativa á dedicataria do poema, a súa propia existencia colócaa en relación cos círculos literarios de que facía parte o autor, un médico ferrolán que desenvolveu un papel destacado no provincialismo.

O mesmo fondo de la Iglesia garda máis un poema de López de la Vega dedicado a outra das autoras do Álbum: “Canta sin desmayar: a mi simpática amiga la poetisa Doña Elisa Lestache”^[25], publicado nas páxinas do *Faro de Vigo* en data descoñecida. Neste caso, as notas persoais sobre a homenaxeada impregnan o poema enteiro, unha completa *laudatio* (“ninfa cubana” “La de ojos de zafir, trenzas de oro”, “Y esa gracia y candor con que enamoras”, “ángel desertor del cielo”) que incide na súa condición de creadora (“dulcísima cantora”, “Que has sido para el canto destinada”), e inclúe tópicos encomiásticos, como a necesidade de dala a coñecer, ou asociados á poesía escrita por mulleres (a función consoladora do seu canto):

Quiero que sepa el mundo quien tú eres,
 Quiero que el mundo con placer te nombre,
 Quiero que te llamen sol de las mugeres,
 y rinda cultos á tus pies el hombre:
 Quiero que cantes, dulce trovadora,
 Y que se oiga tu voz consoladora

Nos anos posteriores á edición do *Álbum de la Caridad*, o impresor e editor Manuel Soto Freire publica os seus *Almanaques*, que completarán un total de seis volumes, correspondentes aos anos que van de 1864 a 1869^[26]. Nesta empresa editorial é relevante o espazo concedido á produción das escritoras; ao tempo, os *Almanaques* dirixense expresamente ás mulleres lectoras como cooperadoras necesarias no éxito da publicación e da promoción da literatura provincial. Así, *Almanaque de juventud elegante y de buen tono para 1865. Recreativo, agradable, útil y curioso, dedicado a todas las bellas hijas de Galicia* leva á súa fronte esta dedicataria:

[24] No reverso do recorte figura un anuncio das pílulas e unguento Holloway á venda na botica de Pedro Antonio Gándara, na rúa Imperial 12 de Vigo (Depósito 1 Caixa 353 22 7). Accesíbel en <http://archivo.galiciiana.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?id=368923>

[25] Fondo La Iglesia, código de referencia ES.GA.15030.ARAG/2.10.3.2.1./Caixa 353-22-8. Accesíbel en <http://archivo.galiciiana.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?id=368924>.

[26] Puidemos consultar unicamente os dos anos 1865, 1866 e 1869, editados respectivamente en 1864, 1865 e 1868.

A vosotras, bellas hijas de Galicia, que sois el encanto de la sociedad, su joya mas preciada, á vosotras dedico de nuevo mi trabajo.

Acogedlo con igual cariño que otras veces; contribuid tambien á despertar el espíritu público y á que sea aceptable mi modesto ALMANAQUE.

Vuestra influencia es poderosa é irresistible y os facilita la noble misión de ser las protectoras de la literatura provincial.

Aceptadla, pues, con entusiasmo; recibid mis plácemes y contad siempre con la gratitud de vuestro apasionado

EL EDITOR

Palabras similares van repetirse no exemplar para o ano seguinte, 1866. *Almanaque de Galicia, para uso de la juventud elegante y de buen tono, dedicado a todas las bellas hijas del país:*

Bellas y simpáticas paisanas: tres años hace que acogeis bajo vuestra especial proteccion el ALMANAQUE; con ella estimulásteis á los escritores gallegos y la literatura provincial aspira de nuevo animacion y vida.

Ved desde entonces cuantos nombres aparecen anualmente en este palenque, que tanta gloria les promete.

Ved tambien la HISTORIA DE GALICIA, comenzada bajo buenos auspicios por el ilustre Murguía, y por doquier observad las consecuencias de vuestra influencia poderosa.

Aceptad otra vez este nuevo ALMANAQUE. No ceséis nunca de proteger todo lo que á nuestra pátria se refiera, y no dudeis de la constante gratitud de vuestro paisano

EL EDITOR

Que un dos editores máis importantes da Galiza na altura insista unha e outra vez en dirixir estas publicacións –e outras futuras– ás lectoras é un dato relevante para afirmar que o impacto nas vendas e na acollida das novidades editoriais debían de ter un papel non menor. A importancia que van acadando as colaboracións das escritoras –algunhas xa coñecidas, outras debutantes– nos propios *Almanaques* tampouco debe de ser allea a este feito. A chamada de atención para “cuantos nombres aparecen anualmente en este palenque” é, ao noso xuízo, unha forma de resaltar o crecente contributo das escritoras. No *Almanaque* para 1865, a única colaboradora era Rosalía Castro de Murguía – lembremos que nesta edición ía ser publicado tamén o hoxe descoñecido “El codio” –no do ano seguinte, para 1866, xa publican –reproducimos os nomes tal e como son citados na capa– Doña Emilia Calé de Quintero, *Esperanza* (pseudónimo da anterior), Doña Rosalía Castro de Murguía, Señoritas Doña Clara Corral, Doña Narcisca Pérez Reoyo.

Ao incremento no número de colaboradoras –a maioría autoras presentes no *Mosaico*, con algunha incorporación, como a de Clara Corral, que debuta co poema “A una flor”–, súmase a diversificación nos xéneros utilizados: as achegas son maioritariamente poéticas, mais Rosalía publica o ensaio “Las literatas. Carta a Eduarda” e o conto “Tipos gallegos. El cadiceño”, textos singulares no conxunto do volume e cuxa lectura adquire novos matices de considerarmos que o público maioritario dos *Almanaques* tal vez fose feminino.

O *Almanaque de Galicia para uso de la juventud elegante y de buen tono dedicado a todas las bellas hijas del país* para o ano 1869 redunda na dedicatoria ao público feminino na folla colocada entre os créditos e o inicio do volume: “A las gallegas”. De novo, son varias as escritoras que asinan colaboracións: Señoritas Doña Joaquina Ruiz de Mendoza, Doña Constanza Vereá, Doña M^a de la Concepción Pérez de Villaamil e Doña Narcisca Pérez Reoyo, co ensaio “Galicia animándose al soplo civilizador, o conto “El caballero cambiador”, e os poemas “Un recuerdo a Santiago” y “Perjurio”, respectivamente. Máis unha vez, combínanse nomes de autoras coñecidas con outras debutantes: de Constanza Vereá, que tamén asinaría como Constanza Brea (Armas 2002), sabemos que publicara un poema en 1865 e que colaborara no *Almanaque* do ano anterior (González Paz 2014: 213-215); Ruiz de Mendoza é unha autora da que se coñecen publicacións na década de 40 en Extremadura (González Paz 2014: 174-176) e a coruñesa Pérez de Villaamil debuta neste número coa única colaboración publicada súa de que temos noticia, compartindo páxinas con tres autores –Francisco, Camilo e José– cos mesmos apelidos, probabelmente seus irmáns (González Paz 2014: 163-164).

De todas estas achegas, destaca a de Joaquina Ruiz de Mendoza, un texto profundamente reivindicativo que exalta o pasado glorioso de Galiza –a “Erim de España”, unha expresión popularizada por Murguía frecuente no discurso provincialista–, lamenta os menosprezos que aínda sofre e denuncia a súa marxinação no presente manifesta, por exemplo, no retardo na chegada do ferrocarril. Joaquina atribúe tamén responsabilidades aos propios galegos, que desatenden o interese xeral en aras do individual. Descoñecemos os vínculos da autora con Galiza, mais o seu perfil reivindicativo maniféstase, por exemplo, no seu posicionamento crítico sobre a instrución dada ás mulleres (Marco 1993: 53-54).

Esta mesma edición acolle un poema de Antonio Rotea^[27] dedicado “Á las distinguidas escritoras de Galicia que ilustraron con sus producciones el ALMANAQUE de su patria”, máis unha forma de resaltar a colaboración das autoras como un capital da publicación. Curiosamente, a tarefa corre por conta do autor que dedicara un poema no *Almanaque* para 1866 –o mesmo en que Soto Freire promocionaba a *Historia de Galicia*– a exaltar a figura de Murguía como historiador, de forma os seus versos reforzan a propaganda editorial. As escritoras citadas son “Elisa [sic] de Pardo y de Bazán”, Rosalia, “Portal, tierna Constanza, Calé, Perez Reoyo y Esperanza”, a “dulce Lestache”, “Calé, Bazan, Reoyo y Esperanza, Y Vereá y Murguía”, como vemos, unha nómina bastante completa, senón exhaustiva, das autoras que colaboraran na obra editada por Soto Freire. A composición coloca unha interrogación retórica sobre a proliferación de escritoras:

¿Mas de donde, –decídmelo piadosas,
Si tan grande favor se me consiente,–
De dónde así brotásteis de repente?

[27] Antonio Rotea, xornalista e escritor, colaborador de *La Joven Galicia* e dos *Almanaques*. O seu poema “¡Feliz España! (Guerra de África)” está incluído no *Mosaico* do Álbum de la Caridad (392). No fondo de la Iglesia da Real Academia Galega consérvanse varios recortes con poemas do autor.

A pregunta resulta singular no contexto dos *Almanaques*, e máis aínda se temos en conta que o propio Antonio Rotea compartira páxina con Elvira Luna *La Joven Galicia*^[28]. Porén, o propio autor vai establecer unha filiación para estas “ninhas del Miño”, mencionando a autora helénica Safo e a Corina, alusión probábel a *Corinne ou l'Italie* (1807) de Madame de Staël, unha novela que reivindica a capacidade intelectual da muller.

Os versos inclúen breves caracterizacións da obra destas autoras, que incidirán no sentimento e na emoción como notas distintivas da súa creación, de acordo cos trazos tradicionalmente asociados ao repertorio feminino:

Suspirar te oigo á ti blandas canciones,
Oh sin par Rosalia,
En nuestro patrio acento; y me enajena
El iman de tus sonos
Capaz de derretir los corazones.
Venid tambien a mi, porque mi lábio
Himnos mil os dará reconocido;
Oh vosotras, Portal, tierna Constanza,
Calé, Perez Reoyo y Esperanza

Con todo, o poema subliña a función patriótica atribuída ás autoras (“De Patria y Fe la enseña soberana”), en liña co que Soto Freire solicitaba das lectoras, facéndoas portavoces da nova era que se abriría para Galiza logo de tempos de postración e incidindo na súa misión mediadora para lograr a unión dos galegos:

¡Salud!, Desde ahora mismo,
Ardiendo en indecible patriotismo,
Con profética voz que llene el mundo,
Marchad y proclamad la era felice,
Que ya cercana el corazón predice.
Seguid! y en vuestro canto
Magnífica anunciad, libre y gloriosa,
Por fin á esta GALICIA,
En otros tiempos deprimida tanto,
Y luego con estrella mas propicia
Perla de Iberia, y su jardín y encanto.
Id, pues, Sibilas nuevas,
Si al destino le plugo
Que descubrais tan grandes horizontes;
Corred valles y montes,
Sin término clamando:
¡Union, Gallegos! ¡Decision! ¡Constancia!
Que solo así vereis del alto cielo
Verter tesoros mil en nuestro suelo
Al Génio de la gloria y la abundancia

[28] No número de 4.3.1860 desta revista compostelá ambos colaboran con poemas dedicados á toma de Tetuán (“A la toma de Tetuan, Improvisación” de Luna e “A la toma de Tetuan” de Rotea).

Estas proclamas gardan unha notábel semellanza coas palabras asinadas por Murguía no prólogo a *Cantos de la infancia* de Narcisca Pérez Reoyo: “Galicia necesita palabras de consuelo, no se las niegues; la mujer que haya nacido con un corazón puro y exento de los rencores de los hombres, predique la paz y la unión entre los humanos” (1865: 42). En ambos os casos os autores están a utilizar o estereotipo da muller como mediadora e conciliadora, capaz de impulsar a harmonía e a unión que non lograran os varóns.

Sobre as dedicatorias e as redes de relacións das escritoras

Os datos revisados mostran os claros vínculos das escritoras que publican en Galiza nos anos 50 e 60 co incipiente galeguismo. Algunhas teñen relacións de parentesco con figuras destacadas na vida social, cultural e política galega (Clara Corral, Joaquina López de la Vega, Narcisca Pérez Reoyo, Dionisia Salomón), de outras apenas temos informacións sobre as súas traxectorias vitais. Hainas que cultivan a poesía de forma puntual (Joaquina López de la Vega, Emilia Portal, Amadora Tapia) e outras mostrarán unha dedicación constante e prolongada á escrita literaria (Emilia Calé, Clara Corral); algunhas desenvolveran unha carreira (semi)profesional como escritoras (Manuela Cambroneró) e outras semellan cultivar as letras só na súa etapa de formación (Dionisia Salomón); unhas centraranse na publicación de poesía (Narcisca Pérez Reoyo, Elisa Lestache) e outras abranxerán varios xéneros (Manuela Cambroneró, Constanza Vereá); hainas galegas de orixe e de radicación (Clara Corral, Emilia Calé), e outras das que descoñecemos os vínculos con Galiza (Joaquina Ruiz de Mendoza); todas escribiron en español e, até onde sabemos, só Rosalía e, máis tardiamente, Clara Corral e Constanza Vereá escribirán en galego.

Como xa vimos, nun contexto de carencia de informacións sobre estas escritoras, as dedicatorias achégannos datos sobre as súas redes de relacións persoais, familiares e amicais, e sobre os círculos sociais e literarios en que se inserían. No caso das poetas, boa parte da súa produción inicial vai surxir vinculada a ámbitos de relacionamento privados: escribir poemas dedicados a familiares e amizades con motivo de celebracións ou de acontecementos sinalados, para dar os parabéns ou as condolencias, ou como prendas de amizade, entran dentro dos usos da sociabilidade da época (por exemplo, as poesías *No álbum de...*). Algunhas destas composicións traspasarán o ámbito privado e constituirán a carta de presentación das autoras no mundo literario. Cando estes poemas están dedicados a outras poetas contribúen a visibilizar as escritoras, a definir unha identidade autorial feminina, a marcar os lazos de comunidade entre elas e a establecer unha tradición feminina na que inscribirse^[29]. En xeral, as dedicatorias marcan as interaccións das autoras co espazo público, a través das que realizan, mais tamén das que reciben pois, para alén de pór de manifesto cales son as súas redes de

[29] Os poemas dedicados entre escritoras merecerían unha atención puntual que non abordamos nesta ocasión por querermos resaltar algúns dos mecanismos en que os axentes (masculinos) do Rexurdimento apelan ás escritoras para integralas no seu proxecto.

relacións, achegan información sobre o seu recoñecemento e a súa relevancia no campo literario e cultural.

Mencionamos xa os poemas dedicados por Aurelio Aguirre a Amadora Tapia, por José López de la Vega a Ramona Simán e a Elisa Lestache, por Domingo Díaz de Robles e Francisco de la Iglesia e por José López de la Vega a Felicia e por Francisco de la Iglesia a Juana de Vega. Aínda poderíamos acrecentar os poemas escritos por Francisco Añón e por Manuel Curros Enríquez para Emilia Calé no ano 1875 e, por suposto, todos os destinados a homenaxear a Rosalía, que merecerían por si sós un demorado estudo específico^[30]. “Á inspirada poetisa gallega Emilia Calé Torres de Quintero, tributo d’admiración e amizade” de Francisco Añón está datado en Madrid o día 30 de setembro de 1875, como o poema de Curros “A la poetisa galega Doña Emilia Calé y Torres de Quintero. En la inauguración de la sociedad Galicia literaria, verificada en su casa la noche del 30 de Setiembre de 1875”^[31] pois ambos foron lidos nesa mesma ocasión, como testemuñan as actas da sociedade que pretendía reunir os escritores e as escritoras galegas radicados en Madrid.

Añón constrúe un poema apelativo marcado pola súa relación persoal coa destinataria, que inclúe *topos* frecuentes nas homenaxes poéticas (a configuración do canto como elemento central do poema, os acenos á obra da autora, a arela dos seus dotes artísticos) ao que vai sumar outros característicos da súa propia obra: o desexo de regresar ao “noso querido chan”, a evocación de Galiza como Edén campesiño (“montes e vales e veigas fértiles / serpenteados d’agua e verdor”; “patriarcales escenas rústicas”) á que acrecenta ruínas de estirpe romántica que evocan os dous piares sobre os que se estaba a construír a identidade histórica galega (o “esbarrancado muro feudal”; “o castro céltico / enmarañado n’un silveiral”). O texto conclúe coa incitación ao canto patriótico da poeta:

D’o amor da patria a mente bébeda,
Ergue, Poetisa, grata canción,
Que say d’as cordas d’a tua cítara
N’as doces horas d’inspiración.

O poema de Curros estrutúrase a partir da contraposición entre subxectividade líricas metaforicamente representadas nun “cuervo” e nun “ruiseñor”. Os versos evocan

[30] Limitándonos aos poemas difundidos en vida da autora, e sen ánimo de exhaustividade, Rosalía foi obxecto de homenaxes poéticas por parte de Aurelio Aguirre, Juan Manuel Paz Novoa, Sr. Seijas, Castro Pita, Alonso (Lama 2017), Valentín Lamas Carvajal, Eduardo Pondal, Alfredo Vicenti (Alonso 1985), José María Posada e Lisardo R. Barreiro, ademais de Narcisca Pérez Reoyo, aos que se sumarán, só no século XIX, un número importante de poemas escritos con motivo do seu pasamento –o de Emilia Calé entre eles–, do traslado dos restos a Bonaval e, en xeral, como recoñecemento á súa obra.

[31] O poema de Añón foi incluído no volume das *Poesías gallegas y castellanas* editadas na Biblioteca Gallega en 1889. O de Curros foi publicado en *El Heraldo Gallego* (21.10.1875) e está recollido en López Varela (1998).

unha diáspora poética galega (“Dispersos por la tierra que pueblan de gemidos / Se alejan los cantores de mi pais natal”) en que o poeta está representado por un mártir que se afasta cargado coa cruz –unha imaxe que Francisco Rodríguez nos ensina que é representación frecuente para os pobos oprimidos (2011: 294). Cabe a Emilia a función de actuar como un catalizador que faga posíbel a unión desas voces espaxadas:

En torno vuestro unidas las aún ayer distantes,
 Con vos podrán á un tiempo sus quejas exhalar;
 Que ya no es bien que sólas tus lágrimas amantes
 Sin nuestro llanto vayan la pátria a consolar.
 Fortaleced en tanto las almas vacilantes
 Que al sueño se abandonan cansadas de luchar,
 Que acaso aquí, señora, rodeante gigantes
 A quienes solo falta tu voz para asombrar.

Ambos poemas están determinados pola circunstancia en que surxen, a creación da sociedade Galicia Literaria, da que Calé exerce como anfitriña mais, mesmo así, merece salientarse un novo apelo á capacidade mediadora das mulleres.

Algunhas poetas tamén dedicaron poemas a autores, principalmente de carácter elexíaco ou con motivo de homenaxes colectivas. Neste sentido, a orixe destes poemas parece responder a unha motivación máis social que persoal, sen dúbida determinada polas limitacións que as convencións sociais impuñan ás dedicatorias das poetas. Citamos xa o poema dedicado por Dionisia Salomón a Ricardo Puente y Brañas, un pranto que evoca o falecido desde a amizade (“al bello impulso de amistad sagrada”) que os unía. A autora pide o seu acento ao “ruiseñor canoro” para lembrar o poeta e a súa poesía (traspasada pola tristeza e a dor) representado na figura do trovador e do seu laúde. Os versos, plenos de retórica romántica, incorporan a dimensión colectiva ao referirse á memoria perdurábel na súa patria e a que “Galicia le llora y le respeta”.

O *Álbum de la Caridad* recolle “Al señor Don José Pascual López Corton iniciador de los Juegos Florales de Galicia” de Emilia Calé. Os versos combinan elementos descritivos (a paisaxe galega), narrativos (a traxectoria vital de Cortón, a súa orfandade, a chegada a América e o regreso a Galiza) e líricos (a despedida de Galiza en boca de Cortón) para pór en valor o amor á patria, a xenerosidade para cos pobres e o contributo ao despertar de Galiza do patrocinador dos Xogos. O poema pón de manifesto a inserción da autora nas redes de relacións dos promotores do certame, a través dun texto escrito para a ocasión que mostra o coñecemento persoal do mecenas, o mesmo que debía ter Narcisca Pérez Reoyo, cuxo poema “A una golondrina”, tamén incluído no volume, fora copiado, segundo se informa, do álbum de Julia Viqueira de López-Cortón, a esposa de Pascual.

Máis un exemplo das dedicatorias a autores por parte das escritoras témolo en “Al Sr. D. Manuel Curros Enríquez” de Elisa Lestache de Caramelo (*Revista Gallega* 22.10.1904), publicado facendo parte dun grupo de poemas da autoría de Concha Espina, Eugenio

Carré e Florencio Vaamonde, entre outros, escritos con motivo do seu regreso a Cuba en outubro de 1904. O breve poema é un adeus ao poeta para o que se pide ao ceo “te dé la paz necesaria / que anhela mi corazón” e lembra que “que Galicia toda entera / bendice tu inspiración”^[32].

Rosalía de Castro tamén escribiu poemas dedicados a outros autores, en concreto, nas coroas fúnebres de Aurelio Aguirre, en 1859, e de Andrés Muruais, en 1883. Son os únicos que dedica a escritores, xunto cos versos “En el abanico de Emilia Pardo Bazán”. No primeiro caso, o seu é o único poema de autoría feminina e abre un volume con colaboracións asinadas, entre outros, por Manuel Ángel Corzo, Ricardo Puente y Brañas, Luis R. Seoane, José López de la Vega, Eduardo Pondal e Juan Manuel Paz. Na *Corona fúnebre a Andrés Muruais*, o poema de Rosalía abre novamente o volume mais vai seguido doutros asinados por, nesta orde, Emilia Calé Torres de Quintero, Emilia Pardo Bazán, Filomena Dato e Herminia B. Besada, ademais de por Manuel Curros Enríquez, Benito Losada, Eduardo Pondal, Lisardo Barreiro (estes dous en lingua galega) e un longo etcétera. Sirva este dato autorial para constatar como nas tres décadas transcorridas entre a publicación de ambas homenaxes necrolóxicas se asentaran os nomes dalgunhas autoras e colleran relevancia os de outras.

Se as dedicatorias mutuas de poemas entre escritoras e escritores resultan relevantes para establecer as redes de relacións no mundo literario, máis interesante resulta aínda outra circunstancia pouco explorada: a autoría compartida entre escritoras e escritores. En *La Joven Galicia* Elisa Lestachi [sic] e Manuel Ángel Corzo –secretario de redacción da revista– asinan o poema “El alma triste” (11.3.1860), que reproduce as queixas desa alma triste “en las riberas del sereno mar”^[33]. É, até onde sabemos, o primeiro texto que publica esta autora, de forma que talvez esta autoría compartida estaría a facer as veces das presentacións, introducións e prólogos que acompañaban os textos primeiros das escritoras. Da crecente importancia do público feminino temos tamén exemplos nesta publicación a través das anónimas colaboracións satíricas en verso na sección “Crónica local” –asinadas por *El cronista* ou *O morcego*– que se dirixen ás lectoras (belas ou feas, segundo os números) facendo alusión ás indicacións do director para que o cronista diga cousas boas que interesen ás lectoras e que as teñan contentas.

A modo de conclusión

As informacións e os datos achegados mostran a decidida vontade dos axentes principais do Rexurdimento de aproveitar a irrupción na vida pública das escritoras para incorporalas ao seu proxecto de restauración literaria e cultural, na maior parte das ocasións

[32] Filomena Dato dedica cando menos tres poemas a Curros Enríquez, todos publicados nos primeiros anos do século XX.

[33] Sabemos tamén que nas páxinas da pontevedresa *La perseverancia* asinan as entregas da novela *Adoración* Benito Vicetto e Carolina Coronado.

desde profundas convicións que poderían ser cualificadas de feministas, noutras colocando límites ao seu labor. A relevancia concedida ao papel das escritoras, especialmente das poetas, maniféstase na presenza das súas colaboracións en data ben temperá en publicacións senlleiras do incipiente Rexurdimento e, de forma ben singular, no aparello paratextual que as rodea e que as tutela: as presentacións por parte de autores, as consideracións sobre as súas achegas e o discurso elaborado en dedicatorias e poemas encomiásticos, que ponderan a súa valía artística, ás veces dentro dos tópicos reducionistas que condicionan a recepción das súas obras, o máis destacado, a constante apelación á súa condición de mediadoras ou consoladoras.

Todos estes elementos –especialmente os poemas dedicados– permiten apreciar mellor o lugar das escritoras nas redes de relacións establecidas no campo literario nas décadas de 40, 50 e 60 e valorar o papel que desempeñaron nas orixes do Rexurdimento aquelas autoras que acompañaron a Rosalía de Castro nas súas primeiras incursións nas páxinas das publicacións periódicas galegas. Se ben existe certo repertorio común a todas as autoras, tamén se aprecian diferentes identidades autorais e, por cima de todas elas, a poderosa singularidade rosaliana.

A función das lectoras na favorábel acollida desta ou destoutra publicación –ou na propia determinación das súas características– é outro elemento que merece ser destacado, á vista dos indicios de que algunhas empresas editoriais contaban de maneira aberta con lograr o favor do público feminino como elemento central para o seu éxito.

En suma, a pesar dos importantes estudos xa realizados quedan aínda investigacións por facer para coñecer mellor cal foi o papel das mulleres nas orixes do Rexurdimento: para podermos dotar de mínimas biografías a algunhas escritoras e saber se estamos diante de autoras ocasionais ou se simplemente é a nosa ignorancia actual a que coloca os seus nomes fóra da historia literaria, para sabermos o alcance que as lectoras tiveron na configuración e na acollida das publicacións deste período, para valorar a influencia que mulleres relevantes no espazo público como Juana de Vega tiveron no impulso do renacemento literario.

Todo isto contribuirá a que coñezamos mellor as bases que alicerzaron o Rexurdimento.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

1866. *Almanaque de Galicia, para uso de la juventud elegante y de buen tono, dedicado a todas las bellas hijas del país. Año cuarto* (1865). Lugo: Soto Freire editor.

1869. *Almanaque de Galicia, para uso de la juventud elegante y de buen tono, dedicado a todas las bellas hijas del país. Año sexto* (1868). Lugo: Soto Freire editor.

Aguirre, Aurelio (2013): *Recuerdos de agosto. Obra poética, 1850-1858*. Santiago de Compostela: Alvarellos.

Album de la Caridad. Juegos florales de la Coruña en 1861, seguido de un Mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos (1862). Coruña: Imprenta del Hospicio provincial á cargo de Mariano M. y Sancho.

Almanaque de juventud elegante y de buen tono para 1865. Recreativo, agradable, útil y curioso, dedicado a todas las bellas hijas de Galicia. Año tercero (1864). Lugo: Soto Freire editor.

Alonso Montero, Xesús, ed. (1985): *Coroa poética para Rosalía de Castro*. Vigo: Xerais.

Alonso, Cecilio (2010): *Historia de la literatura española. 5. Hacia una literatura nacional (1800-1900)*. Barcelona: Crítica.

Angueira, Anxo (2013): *Unha primeira edición de Cantares gallegos con fotografía, autógrafo e carta de Rosalía*. Padrón: Fundación Rosalía de Castro.

Anónimo (1906): "Constitución de la Academia", *Boletín de la Academia Gallega* 2, 25-27.

Armas, Celia (2002): *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1981): *Historia de Galicia. IV. Edade Contemporánea*. Vigo: Galaxia.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1986): "Debates ideolóxicos e políticos en Galicia no período 1846-1868", *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* 3, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade, pp. 355-370. Accesíbel en: https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/10335/pg_356-371_cc44rosalia3.pdf?sequence=1&isAllowed=y

Beramendi, Justo G. (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.

Carballo Calero, Ricardo (1979): *Estudos rosalianos*. Vigo: Galaxia.

El Álbum de El Miño. Colección de artículos literarios, historia, biografías, novelas, poesías (1858). Vigo: Establecimiento tipográfico de D. J. Compañel, tomo primero.

El Fomento de Galicia. Periódico destinado principalmente al desarrollo de los intereses materiales del país. 1858.

El Recreo Compostelano. 1842-43.

Florencio Vaamonde (1899): *Resume da Historia de Galicia.* A Cruña: Empreita e librería de Carré.

Galicia. Revista Universal de este Reino. 1860-1865.

González Paz, Carlos Andrés, ed. (2014), *Escritoras na Galicia do século XIX.* Monografía 13 de *Cuadernos de Estudios Gallegos.*

Jove y Hevia, Plácido de (1877): “Una hada cristiana”, *La Ilustración Española y Americana*, 30.4.1877 e 8.5.1877.

La Oliva. Periódico de política, literatura e intereses materiales. 1856-57.

Lama, M^a Xesús (2017): *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade (1837-1863).* Vigo: Galaxia.

López Otero, M^a Anjos (2007): “Produção literária de autoría feminina galega entre as décadas 1860-1880. Os casos de: Rosalía de Castro, Emilia Calé, Narcisca Pérez Reoyo e Emilia Pardo Bazán”, en González Fernández, Helena e Lama López, M^a Xesús (eds.), *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da península.* Sada: Edición do Castro / AIEG / Universitat de Barcelona, 181-190.

López Varela, Elisardo (1998): *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez.* Estudo, edición, notas e apéndices. A Coruña: Deputación Provincial, 2 vols.

López, Teresa (2015): “Manuel Murguía e Rosalía de Castro nos inicios como escritora de Narcisca Pérez Reoyo. *Madrygal* 18, 45-57.

March, Kathleen N. (1994): *De musa a literata. El feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro.* Sada: Edición do Castro.

Marco, Aurora (1993): *As precursoras. Achegas para o estudo da escrita feminina (Galiza 1800-1936).* A Coruña: La Voz de Galicia.

Martínez, Benigno T. (1876): *Un naufragio. Relato histórico del acontecido a la Guadalupe 4^a en las islas de Cabo Verde con un apéndice sobre poetas gallegos.* Concepción del Uruguay.

Murguía, Manuel (1862): *Diccionario de escritores gallegos.* Vigo: J. Compañel editor.

Murguía, Manuel (1865): *Historia de Galicia.* Lugo: Soto Freire editor.

Pereira, M^a da Conceição Meireles (1992): “*El Porvenir Hispano-Lusitano* (1858): Um Periódico do Noroeste Peninsular”, *Municipalismo e Desenvolvemento no Noroeste Peninsular. Actas do Congreso.* Marco de Canaveses: Câmara Municipal, 205-210. Accesíbel en: <https://repositorio-aberto.up.pt/bitstream/10216/53919/2/cmeirelespereiraporvenir000121106.pdf>

Pérez Lucas, Paula (2009): “Escritura y visibilidade feminina en *Galicia: Revista Universal de este Reino* (La Coruña, 1860-65)”. Accesíbel en: <https://core.ac.uk/download/pdf/17373.pdf>.

Rabaté, Colette (2006): “Les Espagnoles créatrices dans la presse à l’époque d’Isabelle II (1833-1868)”, en F. Etienvre (ed.), *Regards sur les espagnoles creatrices: XVIIIe-XXe siècle*. Paris: Presses Sorbonne Nouvelle, 93-106.

Rodríguez, Francisco (2011): *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria. A persoa e a obra de onte a hoxe*. s.l.: AS-PG.

Rodríguez, Francisco e García Negro, Pilar (1996): “Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX”, *Historia da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra / AS-PG, 354-384.

Santos Zas, Margarita, ed. (2002): *La Joven Galicia. Revista de Instrucción Pública, Ciencias, Literatura y Bellas Artes. 1860. Primera época*. Santiago de Compostela: Universidade.

Saurín de la Iglesia, M^a Rosa (2000): “Una epifanía de la patria: Galicia. Revista Universal de este Reino (1860-65)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 113, 139-176.

Saurín de la Iglesia, M^a Rosa (2003): *Antonio, Francisco y Benigno de la Iglesia. Una biografía intelectual*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos ‘Padre Sarmiento’.

Simón Palmer, M^a del Carmen (1991): *Escritoras españolas del siglo XIX. Manual biobibliográfico*. Madrid: Castalia.

Publicamos este cuarto número da revista *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Dodro



CONCELLO DE
DODRO



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
981 811 204

www.rosalia.gal

**FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO**